

MEMORIAL
JUANJO AMOEDO

18 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA

15 ~ 21 maio
2017



~~~~~ CAMPAÑA ESCOLAR ~~~~

- Luns 15 de maio.....**
10.30h. e 12.00h. Auditorio Piñeiral do Crego. "E se..." Tato Criação Cénica. Brasil.
- Martes 16 de maio.....**
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "E se..." Tato Criação Cénica. Brasil.
- Xoves 18 de maio.....**
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "As bombas e o Xeneral" Tanxarina. Galicia.
- Venres 19 de maio.....**
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Los Cómicos del Novecientos" El Chonchón. Arxentina.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE SALA ~~~~

- Martes 16 de maio.....**
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Circus Funestus" Sofie Krog. Dinamarca. +9
- Mércores 17 de maio.....**
17.00h. Auditorio da Xunqueira . "As Bombas e o Xeneral" Tanxarina Títeres. Galicia. +6
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Tropeço" Tato Criação Cénica. Brasil. +14
- Xoves 18 de maio.....**
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "La Semilla" Cia La Canela. Andalucía. +8
- Venres 19 de maio.....**
21.00 h. Auditorio da Xunqueira. "Juan Romeo y Julieta María" El Chonchón. Arxentina. +9
- Sábado 20 de maio.....**
17.00 h. Auditorio da Xunqueira. "Recreo" Títeres Sin Cabeza. Aragón. +4
21.00 h. Auditorio da Xunqueira. "Huellas en la arena" Didi Rodan. Madrid. +8
- Domingo 21 de maio.....**
17.00 e 21.00 h. Auditorio da Xunqueira. "En suspensión" Huber Marionettes. EE.UU. +6
19.00 h. Centro Recreativo e Cultural. "Maxín" O Monifate Teatro. Galicia. +4

Prezos: Nen@s 4€ / Adult@s 6€. Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Mércores, Sábado e Domingo ás 16.00h.) Aforo limitado.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

MÉRCORES 17 de maio especial día das Letras Galegas

12.00h. Pista da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico) até as 14.00 h. Galicia.

12.00h. Alameda. Acto Institucional.

13.00h. Praza do Concello. "Bruno Estampilla" Títeres El Chonchón. Arxentina.

13.45h. Soportais.The Turres Band (Música). Galicia.

17.00h. Pista da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico) até as 20.00 h. Galicia.

17.30h. Praza do Concello. "Bruno Estampilla" Títeres El Chonchón. Arxentina.

18.00h. Casa da Torre. "Do, Re, Mi Mozart xoga aquí" Cachirulo Títeres. Galicia.

18.30h. Rúa Salgueiral. "Pulcinella" Salvatore Gatto. Italia.

19.00h. Soportais-Praza da Torre. "Os Porquiños van de Festa" (Itinerante). Galicia.
Coa participación de EducaTeatro e The Turres Band.

19.30h. Campo da Petanca. "As aventuras de Gale" A Xanela do Maxín. Galicia.

20.00h. Casa da Torre. "Do, Re, Mi Mozart xoga aquí" Cachirulo Títeres. Galicia.
Praza do Concello. "Bruno estampilla" Títeres El Chonchón. Arxentina.
Casto Sampedro-Alfonso XII. "Os Porquiños van de Festa" (Itinerante). Galicia.
Coa participación de EducaTeatro e The Turres Band.

20.30h. Rúa Salgueiral. "Pulcinella" Salvatore Gatto. Italia.

22.00h. Paseo da Xunqueira. The Turres Band (Música). Galicia.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

SÁBADO 20 de maio

13.00h. Praza do Concello. "Jiñol" Trompicallo. Galicia.

17.00h. Pista da Xunqueira. A Casa dos Xogos (Espazo Lúdico) até as 20.00h. Galicia.

17.30h. Praza do Concello. "Pulcinella" Salvatore Gatto. Italia.

18.00h. Casa da Torre. Sienta La Cabeza (Performance-Show) até as 21.00h. Cataluña.
Alameda. "Trashumancia" Xip-Xap Teatre (Itinerante). Cataluña.
Campo da Petanca. "Bruno Estampilla" Títeres El Chonchón. Arxentina.

18.30h. Praza da Torre-Ribeira. "Locomotion" Teatraro Teatro (Itinerante). Extremadura.

19.00h. Casto Sampedro. "Jiñol" Trompicallo. Galicia.

19.30h. Praza do Concello. "Pulcinella" Salvatore Gatto. Italia.
Soportais-Praza da Torre. "Trashumancia" Xip-Xap Teatre (Itinerante). Cataluña.

20.00h. Campo da Petanca. "Bruno Estampilla" Títeres El Chonchón. Arxentina.
Alameda. Calcetín Furado (Música). Galicia.

20.30h. Praza da Torre-Alfonso XII. "Trashumancia" Xip-Xap Teatre (Itinerante). Cataluña.
Ribeira-Alfonxo XII. "Locomotion" Teatraro Teatro (Itinerante). Extremadura.
Casto Sampedro. "Jiñol" Trompicallo. Galicia.

22.15h. Paseo da Xunqueira. Calcetín Furado (Música). Galicia.

EXPOSICIÓN INTERACTIVA DE AUTÓMATAS "40 anos da TARTANA"
Multiusos da Xunqueira. Inauguración luns 15 ás 20.00h, até o día 21.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~

DOMINGO 21 de maio

11.45h. Ruada polo paseo do Río Maceiras. "Estás coma un cencerro".

Ruada que mestura contorna e espectáculo onde o público participa de maneira activa. Os espectadores convertiranse nun rabaño de ovellas transhumantes. Poderedes vir disfrazados de ovellas e non esquezades traer o voso "cencerro". Coa participación de Xip-Xap Teatre e Escuadra 17. Saída a 150 metros do inicio do paseo.

12.00h. Pista da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico) até as 14.00h. Galicia.

12.30h. Praza do Concello. "Pulcinella" Salvatore Gatto. Italia.

13.30h. Soportais. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.

17.00h. Praza da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico) até as 20.30h. Galicia.

Casa da Torre. Sienta La Cabeza (Performance Show) até as 20.00h. Cataluña.

17.30h. Rúa Salgueiral. "Xan Perillán compra queixo, compra pan" Kukas. Galicia.

Casto Sampedro-Alfonso XII."Trashumancia" Xip Xap Teatre (Itinerante). Cataluña.

18.00h. Praza do Concello. "Bruno Estampilla" Títeres El Chonchón. Arxentina.

Alameda. "Los 3 cerditos" Plamen Dipchikov. Galicia-Bulgaria.

Alfonso XII. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.

18.30h. Campo da Petanca. "A maleta de Don Attilio" Viravolta Títeres. Galicia.

19.00h. Praza da Torre-Ribeira. "Locomotion" Teatraro Teatro (Itinerante). Extremadura.

Alameda. "Pulcinella" Salvatore Gatto. Italia.

19.30h. Rúa Salgueiral. "Xan Perillán compra queixo, compra pan" Kukas. Galicia.

Praza do Concello. "Bruno Estampilla" Títeres El Chonchón. Arxentina.

20.00h. Soportais-Alfonso XII. "Trashumancia" Xip Xap Teatre (Itinerante). Cataluña.

Campo da Petanca. "A maleta de Don Attilio" Viravolta Títeres. Galicia.

Alameda. "Los 3 cerditos" Plamen Dipchikov. Galicia-Bulgaria.

20.30h. Ribeira-Alfonso XII. "Locomotion" Teatraro Teatro (Itinerante). Extremadura.

22.15h. Paseo da Xunqueira. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.



Dende o Festival queremos render un emotivo recordo a Rod Burnett, que nos deixou pouco antes de participar nesta edición do Festival. Un titiriteiro que nos agasallou co seu cariño e o seu amor polo mundo dos títeres. Redondela e os seus escenarios lembrarante sempre...




Tato Criação Cénica (Brasil)

Tato Criação Cénica, fundada en 2014, representou as súas obras en 10 países e en todos os estados brasileños. Tato desenvolve o seu traballo de investigación escénica no corporal, é dicir, os títeres están compostos por diferentes partes do corpo do titiriteiro.

"E se..."

Discute con bo humor e fantasía os diversos camiños que a vida ofrece e as consecuencias derivadas das accións que foron feitas. Un neno da rúa, un barrendeiro, un labrego e vendedor de feira, un músico, unha vella, un bebé e algúns animais como a vaca ou o caracol son as personaxes que se atopan nos escenarios do campo e a cidade, cada cal co seu propio universo.

Luns 15 ás 10.30h. e 12.00h. Chapel (escolares)
Martes 16 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)



"Tropeço"

"Tropeço" é parte dunha investigación en dramaturxia física, a fragmentación de partes do corpo que cobran personalidade a través do movemento.

"Tropeço" quere darlle vida ás cousas simples. Sobre unha mesa, cuns bauis e pequenos obxectos, créase un mundo onde doux actores e as súas mans dan vida ás personaxes: dúas vellas que viven xuntas.

Mércores 17 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)



El Chonchón (Arxentina)

Chonchón: Voz araucana que se refire a unha especie de candil rudimentario co cal os labregos iluminaban as súas vivendas, camiños ou cruzamentos.

En 1967 Manuel, Roberto e Miguel Oyarzún incursionan na milenaria arte dos títeres na cidade de Concepción de Chile. Nun primeiro momento de xeito espontáneo e guiados polo instinto, comezan a establecer os primeiros códigos titiriteiros que logo constatarían na teoría co mestre Héctor Di Mauro.



"Los Cómicos del Novecientos"

"Los Cómicos del Novecientos" son unha homenaxe ao cine de outrora, que El Chonchón adica a eses grandes artistas do celuloide, do cine mudo e en branco e negro.


Cinco pantomimas no teatro de títeres de luva. Un tributo a Buster Keaton, Chaplin, Harold Lloyd, Ben Turpin, Laurel y Hardy.

Venres 19 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)

"Bruno Estampilla"

A historia ten coma protagonista a Bruno, carteiro oficial do correo postal titiritesco, que leva cartas e encomendas montado nunha motocicleta. Todos os días a primeira hora, a primeira carta que entrega é á súa amada María. Cada destino, unha aventura, e cada destinatario, un misterio.


Bruno Estampilla, un cartero de marabilla.



"Juan Romeo y Julieta María"


O espectáculo móstranos como catro títeres do elenco estable de El Chonchón poñen en escena a clásica traxedia de "Romeo e Julieta" de William Shakespeare. É unha empresa que os títeres asumen con dignidade e que trae unha carga de absurdo e disparate.

Venres 19 ás 21.00 h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)



Sofie KrogTeater (Dinamarca)

A compañía de títeres foi fundada no 2003 por David Faraco e Sofie Krog. Tras sete anos de xira por máis de 26 países presentan a súa nova producción "Circus Funestus".



"Circus Funestus"

A función nocturna do misterioso "Circus Funestus" xa comezou.

Nesta noite máxica a miscroscópica pulga declara o seu amor á adorable elefanta, pero os celos do Látigo fan que se abanea a carpa do circo.

A traxicomedia está servida.

Un espectáculo de circo de alta velocidade onde títeres, películas, música e efectos crean un universo traxicómico e máxico.

Martes 16 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)



Tanxarina Títeres (Galicia)

Fundada no ano 1.983 por varios ex-alumnos de Harry Tozer. Dende entón converteuse nunha das formacións más recoñecidas e prestixiosas do teatro de títeres galego tanto dentro como fóra de Galicia.

Esta compañía redondelá de titiriteiros, con máis de trinta anos de traxectoria profesional, emprega nos seus espectáculos todo tipo de técnicas de animación de bonecos, sempre combinadas coa faceta actoral.


"As bombas e o Xeneral"

O Xeneral debe iniciar unha guerra coas bombas atómicas que foi fabricando e colecciónando durante moito tempo. Os atómos, encerrados nos artefactos, deciden fuxir e así as bombas non poderán estoupar e o Xeneral verá frustradas as súas intencións.

Unha proposta cómica recreada con siluetas animadas, música e actores.

Xoves 18 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)

Mércores 17 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)





Cachirulo(Galicia)

Creada en 1985, Cachirulo caracterízase por unha rica producción de espectáculos que combina textos clásicos con autorías propias dunha gran variedade técnica: marionetas de fio, luva chinesa, bunraku, monicreque, sombras, obxectos, etc., destacando espectáculos como "Pinocho", "Camiño de aventuras" ...



"Do, Re, Mi... Mozart xoga aquí"

Espectáculo de marionetas de fio talladas en madeira, que locen os seus elegantes movementos nun retablo barroco. Unha invitación do emperador convoca ao neno Mozart a tocar en Palacio. Isto esperta a envexa e desconfianza do mestre de cámara que intentará impedir a celebración do concerto. Pero este neno, vivaz e alegre, sedúceo coa súa xenialidade musical, incorporada nos seus xogos e quefaceres cotiáns.

Premio ao Mellor Espectáculo de Marionetas no 4º Festival Iberoamericano de Teatro "Cumbre de las Américas" (Arxentina, 2008).

Mércores 17 ás 18.00h. e 20.00h. Casa da Torre



SALVATORE GATTO (Italia)

Salvatore Gatto é un dos máis xenuinos representantes da tradición titiriteira que leva máis de 20 anos representando polo mundo o espectáculo de títeres de luva de tradición napolitana "le guaratelle", cuxa orixe remontase ao século XV.

"Pulcinella"

"Pulcinella" protagoniza unha interpretación satírica da vida.

Asistir a calquera das súas representacións é unha palpitante incursión ao pasado.

Mércores 17 ás 18.30h. e 20.30h. Rúa Salgueiral
Sábado 20 ás 17.30h. e 19.30h. Praza do Concello
Domingo 21 ás 12.30h. Praza do Concello
19.00h. Alameda



EducaTeatro (Galicia)

EducaTeatro Producións é unha empresa dedicada á producción e distribución de espectáculos infantís creada a finais de 2013. A música, a lingua e a diversión son os piares fundamentais dos seus traballos, e contribuí a unha aprendizaxe significativa.

"Os porquiños van de festa"

Unha proposta do Festival que nace da mestura de dúas das compañías con máis sona do panorama pontevedrés: EducaTeatro e The Turre's Band. Os afamados corpóreos de EducaTeatro serán acompañados nesta ocasión por The Turre's Band.

Unha ruada, unha excusa, un compartir onde porcos e música darante a man para que participes, convidarante a bailar e a troulear.

Mércores 17 ás 19.00h. Soportais-Praza da Torre
20.00h. Casto Sampedro-Alfonso XII



A Xanela do Maxín (Galicia)


A Xanela do Maxín é unha compañía de títeres profesional galega que comeza a súa andadura no ano 2007. A día de hoxe, con 11 espectáculos en cartel, seguen a presentar novas e diferentes propostas escénicas para un público infantil e xuvenil onde se atopan sempre presentes valores como a tenrura, o respecto, a perseveranza, a illusión...



"As aventuras de Gale"

Gale conducirá ás nenas e nenos a través da súa historia para que lle axuden a repartir ese gran tesouro que protexe con tanto mimo: palabras, expresións, díctires e unha maneira única de ser e descubrir o mundo. Unha historia chea de aventuras e desventuras que nos axudarán a comprender as circunstancias que rodean a Gale no día de hoxe, pero tamén a gran riqueza que supón contar con música, poemas, libros e canta cultura se creou e creará en galego.

Mércores 17 ás 19.30h. Campo da Petanca



La Canela (Andalucía)

La Canela Teatro de Títeres foi fundada por Analía Simón no 2003 estreando o espectáculo "Mil gryas". A liña de traballo que define a compañía é profundizar na relación entre as artes plásticas e o teatro de títeres nunha constante investigación na procura dunha linguaxe propia.



"La semilla"

La Semilla é un espectáculo sobre as diferentes maneiras de medrar. Para que algo medre san e forte haino que cuidar, os límites axudan a medrar, o medo non. Canto máis amor sembramos, máis caricias colleitamos. Para facer medrar un espectáculo hai que regalo tódolos días, coidalo, mimalo, e sobre todo... compartilo.

Xoves 18 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira. (+8 anos)



Trompicallo

Trompicallo cumple 20 anos dende que comezou a súa andaina. Alá polo 1996, Luís González e Marián González, despois de moitos anos de formación e traballo no teatro de marionetas, decidiron dar vida a este proxecto co fin de producir, investigar e difundir a arte dos títeres, empregando as máis variadas técnicas, estilos e postas en escena, sempre ao servizo da historia que se quere contar e sempre na procura dun xeito propio de expresión.




"Jiñol"

Rosalía, Jiñol, o Sr. Bulú e o Policia ven alterada a súa vida pola inesperada chegada dun paquete que contén nada máis e nada menos que... un crocodilo!

Este é o principio dunha historia dinámica e divertida, contada con títeres de luva, na que as distintas situacions da obra xiran en torno ao comportamento que os títeres teñen co intruso.

Sábado 20 ás 13.00h. Praza do Concello
19.00h. e 20.30h. Casto Sampedro



Títeres Sin Cabeza (Aragón)

Títeres Sin Cabeza nace no 2010 cando Alicia Juárez e Fernando Martínez abandonan Teatro Arbolé para traballar no seu proxecto en común. Comezan a súa andaina por diferentes festivais latinoamericanos a medida que van estreando novas producións.

O seu derradeiro espectáculo "Recreo" estréase tras dous anos de investigación de teatro de sombras.



"Recreo"

Recreo é a historia dunha filla aventureira e un pai preocupado. Fai tempo a pequena Telma chega da escola famenta... ¿por qué?, ¿non papa o bocadillo?, ¿qué pasará nese recreo?

O pai preocupado porque uns abusóns llo quiten acude ao coleixio para averiguar a verdade... Unha homenaxe á amizade e a solidariedade que nace no patio do recreo.

Sábado 20 ás 17.00 h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)



Sienta La Cabeza (Cataluña)

A Compañía Sienta la Cabeza nace en Barcelona no 2001 do encontro da psico-perruqueira brasileira Fafá Franco e do músico escocés DJ Nick Prescott. Integran a perruquería coa música e crean o espectáculo "Sienta la Cabeza".

"Sienta la Cabeza"

É unha performance show onde a complicidade co público transgrede ás regras estéticas establecidas.

Atrevemento, loucura, música e perruquería son os ingredientes deste cocktail.

Esta performance show é unha festa para festexar o aniversario dos 18 anos de festival.

Sábado 20 ás 18.00h. até 21.00h. Casa da Torre
Domingo 21 de 17.00h. até 20.00h. Casa da Torre



Xip Xap Teatre (Cataluña)

Xip Xap nace como compañía de teatro en 1983 na cidade de Lleida. A actividade da compañía baséase fundamentalmente no teatro de rúa e títeres, elaborando e producindo más de 50 espectáculos.

"Trashumancia"

"Trashumancia" é a migración estacional dos rabaños, e os nosos pastores interaccionan co público na busca de novos pastos.

Pastores, cabras e o noso can son as personaxes protagonistas.

Sábado 20 ás 18.00h. Alameda.

19.30h. Soportais-Praza da Torre.

20.30h. Praza da Torre-Alfonso XII

Domingo 21 ás 17.30h. Casto Sampedro-Alfonso XII

20.00h. Soportais-Alfonso XII



Teatraro Teatro (Extremadura)

Fundase como colectivo en 1987 no seo da escola municipal de teatro de Villanueva de la Serena e en 1991 chega a súa profesionalización, converténdose nunha das primeiras compañías teatrais de Extremadura.

"Locomotion"

Unha proposta divertida e espectacular a modo de ruada, está composta por catro vehículos vintage de grande tamaño e un xigante articulado.


Un espectáculo de gran vistosidade cunha acción ininterrumpida dos actores onde sorprende a gran variedade de efectos especiais.

Sábado 20 ás 18.30h. Praza da Torre-Ribeira.

20.30h. Ribeira-Alfonxo XII

Domingo 21 ás 19.00h. Praza da Torre-Ribeira

20.30h. Ribeira-Alfonxo XII



Didi Rodan (Madrid)

Didi Rodan naceu en Galicia onde as súas inquietudes artísticas a levaron ao mundo das belas artes, rapidamente tomou contacto coa arte con area, coñecido tamén como sand art ou sand painting.

Fascinada por esta técnica artística comeza a súa dilatada carreira sendo a primeira e única muller artista de area en España.

"Huellas en la arena"

Tarth é un neno que viaxa a través do mundo. Na súa viaxe vai coñecendo diferentes culturas, danzas, músicas e xentes que lle mostrarán o verdadeiro sentido da vida. Tarth fálonos dunha guerrainxusta que lle obrigou a fuxir do seu país, debuxando cos seus milleiros de pegadas na area.

Dende a Asociación Xente Titiriteira queremos render homenaxe a todos aqueles que tiveron que fuxir do seu país como refuxiados.

Sábado 20 ás 21.00 h. Auditorio da Xunqueira (+8 anos)



Huber Marionettes (Estados Unidos)

Philip Huber é un dos artistas de marionetas máis recoñecidos a nivel internacional e o mellor do seu país, Estados Unidos.

A sucesión de títeres de fio é manipulada de forma convincente e non é posible vislumbrar o virtuosismo do seu manexo.

"En suspensión"

Un espectáculo de variedades inspirado nalgunhas das celebridades do mundo do espectáculo.

As súas fermosas tallas de madeira parecen respirar e sentir.

Philip Huber é coñecido polos seus traballos na gran pantalla, colaborando en películas Cómo ser John Malkovich, Busker Alley, It's Magic, That's Christmas, etc.

Domingo 21 ás 17.00 e 21.00 h. Auditorio (+6 anos)



Os monicreques de Kukas (Galicia)



Participan habitualmente nas programacións de Galicia, España e en festivais internacionais. Teñen creado espectáculos de gran formato para entidades como o CDG, IGAEML - Xunta de Galicia, Real Filharmonía ou o Festival de Ópera de A Coruña. No 2017 os Plenos do Concello de Santiago de Compostela e o da Deputación de A Coruña aprobaron por unanimidade crear a Casa dos Monicreques que albergará todo o seu patrimonio material e inmaterial, para a súa exhibición, musealización e estudio.

"Xan Perillán compra queixo, compra pan"

É un espectáculo que mestura o pallaso e a pantomima coa maxia e os monicreques compaxinando o ocio e o divertimento coa educación no consumo responsable e nos hábitos de vida saudables e respectuosos co medio ambiente e a ecoloxía.

Domingo 21 ás 17.30h. e 19.30h. Rúa Salgueiral



Plamen Dipchikov (Galicia/Bulgaria)

PLAMEN IVANOV DIPCHIKOV é un artista Búlgaro que leva moitos anos afincado en Galicia onde é o responsable da compañía APP Creacións. Plamen é doutor en ciencia e arte teatral e dentro da súa dilatada carreira artística destaca o seu traballo como director da Compañía de Títeres Estatali de Ruse (Bulgaria).

"Los 3 cerditos"

O conto escénico comeza co lobo "feroz" encerrado no zoo. Está triste porque soña coa liberdade e con percorrer aventuras. Fai saltar os barrotes da gaiola e nesta fuxida tropezará co primeiro porquiño.

Domingo 21 ás 18.00h. e 20.00h. Alameda





Viravolta Títeres (Galicia)

En 1982 Anxo García, Pilar Álvarez e Xulio Balado formaron Viravolta títeres. Na actualidade dispoñemos dun repertorio con máis de 30 obras de diversos formatos (animacións de rúa, espectáculos tradicionais, concerto-teatro...). Ademais da producción e distribución de espectáculos e da xestión do Museo Galego da Marioneta.

A través de "Viravolta Enredos" fan obradoiros, cursos, exposicións, programacións... sempre relacionadas co mundo dos títeres.

"A maleta de Don Attilio"

O circo de Don Attilio chega á vila! A pista xa está montada... O público agarda expectante... Por fin! Toni Bombillo, estrela do circo, poderá ver a súa amada María, a filla de Don Próspero, preboste do Barrio alto! Pero... "onde se veu cunha marioneta de luva, fina e acomodada, se xunte cunha marioneta de mesa pobre e ambulante?"... Ao final o amor sempre triunfa, ningúén será quen de separar aos namorados.

Domingo 21 ás 18.30h. e 20.00h. Campo da Petanca



O Monifate Teatro (Galicia)

O Monifate Teatro é unha compañía unipersonal que nace a finais do 2016. Roberto Casal Mouriño, tras case 10 anos de periplo polo teatro infantil multidisciplinar, resolve en dar aos seus monicreques e ideas a exclusividade e o protagonismo nas súas propostas.

"Maxín"

Maxín é unha obra adicada as obras literarias que enchen os nosos estantes: a intelixencia, o entendemento, a imaxinación, ... o maxín. Un espectáculo que transporta ao espectador a unha viaxe confusa entre os soños e a realidade mesturando sen artificios a manipulación de monicreques e obxectos coa interpretación de actor.

Domingo 21 ás 19.00h. Centro Recreativo Cultural (+4 anos)



Ruada "Estás coma un cencerro"

Esta ruada parte da premisa de mesturar contorna e participación.

É un paseo, un compartir, unha viaxe cun público activo dende un dos currunchos más novos de Redondela : O Paseo do Río Maceiras. A idea é converter aos espectadores nun rabaño de ovelas transhumantes que van dun punto a outro buscando pastoreo.

"As Ovelas" serán os animais convidados e os nen@s e pais e nais poderán vir disfrazados de ovelas ou de branco. Tamén poden vir de calquera outro animal: cabra, cans, lobos, ...

Percorrido: Saída a 150 metros do inicio do Paseo
Rúa Salgueiral-Pai Crespo-Alfonso XII.



Coa participación de Xip Xap teatre e Escuadra 17

Domingo 21 ás 11.45h. Paseo do Río Maceiras



A casa dos xogos (Espazo Lúdico)

A casa dos xogos é unha ludoteca chea de vida, diversión e aprendizaxe, foi creada co fin de dar a coñecer os xogos de taboleiro, billares tradicionais e xogos pedagóxicos novos cujas orixes sitúanse en distintos países, culturas e épocas.

A casa dos xogos presentase como un gran espazo repartido por áreas de xogo onde os participantes poderán experimentar unha amplísima compilación de xogos tradicionais chegados dos cinco continentes, así como unha presentación de xogos de creación propia dos construtores e impulsores do proxecto, Cedric Bouchard e Xurxo Guzman.

É un espazo lúdico, de xogo, un punto de encontro interxeneracional.

Mércores 17 de 12.00h. até 14.00h. Pista da Xunqueira
de 17.00h. até 20.00h. Pista da Xunqueira
Sábado 20 de 17.00h. até 20.00h. Pista da Xunqueira
Domingo 21 de 12.00h. até 14.00h. Pista da Xunqueira
de 17.00h. até 20.30h. Pista da Xunqueira



The Turre's Band (Música)

Cunha formación composta por ventos e percusións, The Turre's Band propón un innovador repertorio musical cheo de ritmos coma o ska, swing, blues, música balcánica e mesmo música galega.

Na súa longa traxectoria musical, con quince anos de historia, esta formación tocou nas más importantes salas de concertos do noso país e participado en numerosos festivais galegos.

No apartado discográfico, ten actualmente no mercado dous álbunes: "Algho Hai!"(2006) e "A Última Verbena"(2010).

Mércores 17 ás 13.45h. Soportais
22.00h. Paseo da Xunqueira.



Calacetín Furado (Música)

É un grupo musical formado por veciños de Redondela e a súa comarca, acompañado polo célebre castañoleiro Toti Casal, gaitas, acordeón, percusión, castañolas...

Calacetín Furado representa o espírito festivo da música, sen complexos, sen ataduras... arrastrando ao público a unha nube de ledicia.

Sábado 20 ás 20.00h. Alameda
22.15h. Paseo da Xunqueira



Fanfarria Taquikardia (Música)

A Fanfarria Taquikardia é a trepidante banda que aparece un ano máis para combater este mundo cheo de silencios. Inmersos no seu último traballo, Café Bar Sovia, chegan dende as lonxanas terras dos arredores de Vigo para compartir co público os seus ritmos frenéticos e a súa retranca musical. Desfrutade co seu show e non deixedes de bailar.

Domingo 21 ás 13.30h. Soportais.
18.00h. Alfonso XII.
22.15h. Paseo da Xunqueira.



Exposición "40 anos da Tartana"

Instalación de autómatas que fai un percorrido polos títeres más emblemáticos desta lendária compañía dunha maneira interactiva para o espectador. Este poderá descubrilo e mover os autómatas eléctricos e mecánicos que co ritmo da música nos trasladan a diferentes escenas.

La Tartana (Madrid)

A Compañía comezou a súa andaina en 1977 e actualmente celebra o seu 40 aniversario. É unha compañía non só preocupada polo facer artístico, senón que tamén prestou especial atención ao valor social que ten o teatro. Xeneradores do primeiro festival de teatro de rúa en España e fundadores e xestores da Sala Pradillo, especializada en títeres. A compañía foi recentemente galardoada co Premio Nacional de Teatro Assitej.

Multiusos da Xunqueira.
Inauguración luns 15 ás 20.00h. até o día 21.



Títeres pola gorra

É a sección do festival que abre as portas a diversas compañías que, sen estaren na programación oficial, non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo, no marco incomparable que é este Festival Internacional de Títeres.

Son agrupacións que recuperan a tradición do fantocheiro itinerante que vai de vila en vila traballando pola gorra. Convidámossos a participar e gozar desta tradición, descubrindo estas compañías e os seus chapeus polas prazas da vila.

Rogamos ás compañías que queiran participar pasen polo Multiusos da Xunqueira o mesmo día da actuación para concretar espazo e recoller o cartaz de títeres pola gorra.

